

MANCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



"El que antes de su muerte ha plantado un árbol, no ha vivido inútilmente". Proverbio hindú

Nº3 / 2014

en - comunicación

Boletín informativo

en - comunidade

Sumario:

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE

INFORME DE ACTIVIDADES DO 2013

PROPOSTA DE ACTUACIÓNS PARA O 2014

NOVAS DAS COMUNIDADES

AVISOS

Fala coa
Mancomunidade

[montespontevedra@
mundo-r.com](mailto:montespontevedra@
mundo-r.com)

ou a través do perfil
en facebook:

[montes.pontevedra.](https://www.facebook.com/montes.pontevedra)

Achéganos as túas
opinións e as novas
da vosa comunidade:
reunións,
assembleas,...

E agora, qué?

Juan José González Crespo

O ano 2013 foi intenso en actividade da Mancomunidade por mor da redacción do proxecto de ordenación, mais non está o traballo rematado e este proxecto pode ser o comezo dunha etapa na que a Mancomunidade ofrezca mais apoio ás comunidades no seu día a día. Entre as cousas que temos pendentes para este ano están:

Conseguir a aprobación do Proxecto de Ordenación dos Montes de Pontevedra?

Os proxectos de ordenación xa están redactados e aprobados nas Asembleas, mais nos faltaba Tomeza. A súa Asemblea será o 6 de xullo. Unha vez rematado o último dos montes da Mancomunidade, o proxecto presentárase perante a Consellería do Medio Rural e do Mar para a súa aprobación. Esta non será inmediata e seguramente teremos que resolver as aclaracións que nos plantexen. Contamos coa vosa colaboración para afrontar este último trámite, imprescindible para que o proxecto teña validez. Unha vez presentado, solicitarase unha entrevista coa nova Xefe de Servizo de Montes de Pontevedra para presentarlle o mesmo e o noso interese en que o procedemento de aprobación vaia por bo camiño.

Podemos mellorar a nosa relación co Concello de Pontevedra?

No proxecto de ordenación se inclúe un apartado dedicado a xestión e organización da Mancomunidade no que se pretende o reforzamento da mesma co obxectivo de contribuír a alixerar a xestión das comunidades en temas como educación ambiental, patrimonio cultural e conservación da natureza.

Ao longo deste ano mantivéronse diferentes reunións cos concelleiros para expoñerlles necesidades da mancomunidade respecto á xestión das zonas recreativas e o patrimonio cultural, mais é agora que xa temos o proxecto rematado cando cómpre comezar a concretar as actuacións nestes eidos. Estase a traballar na redacción dun convenio co Concello para concretar este apoio da administración local ás Comunidades de Montes. Cales son os aspectos nos que debe incidir este convenio? Para que actuacións concretas pensades que debemos demandar o apoio do Concello de Pontevedra? Achegade as vosas propostas aos membros da Xunta Rectora e a asistencia técnica.

Podemos mellorar o servizo que presta a Mancomunidade ás Comunidades?

Estamos seguros de que si. facédenos tamén as vosas suxestións.

ACTUACIÓNS 2013 – INFORME DA XUNTA RECTORA Á ASEMBLEA**ÁREA ECONÓMICA:****- REGULACIÓN DE APROVEITAMENTOS – APROVEITAMENTO PASCÍCOLA**

Dende a Mancomunidade seguimos a traballar no proxecto de regulación do gando no monte Acibal, as negociacións van moi lentas mais ao longo do ano pasado conseguíuse o primeiro paso de sentarse a falar gandeiros e comunidades de monte sobre a necesidade de regulación e de traballar conxuntamente en vez de un contra os outros.

Durante o ano 2014 continuase traballando nesta liña e fíxose un percorrido polo monte cos gandeiros identificando as zonas de maior interese para eles co obxectivo de chegar a unha proposta de área de uso mixto silvopascícola.

Tamén deuse un paso na incorporación do servizo de gandería da Xunta de Galicia as negociacións como parte fundamental das mesmas xa que ten moito peso a súa opinión para os gandeiros xa que depende deles a súa actividade.

- RECLAMACIÓN POR LIÑAS ELÉCTRICAS NON EXPROPIADAS.

Solicitáronse os orzamentos actualizados por comunidade dos gastos que pode supoñer esta reclamación por liñas eléctricas non expropiadas.

- CONTAS DA MANCOMUNIDADE.


O balance económico da xestión do ano 2013 ten un saldo negativo de 1.940,46 €.

TOTAL INGRESOS 2013	25.594,84
INGRESOS PAR A XESTIÓN DA MANCOMUNIDADE (COTAS)	1.349,56
INGRESOS PAR S.R.C.	815,44
INGRESOS POR TRAMITACIÓN SUBVENCÍONS	23.429,84
TOTAL GASTOS 2013	27.535,30
SEGURO R.C.	815,43
GASTOS BANCARIOS	13,62
ASESORÍA FORESTAL - MMA CONSULTORES	1.452,00
GASTOS VARIOS	447,81
GASTOS POR TRAMITACIÓN SUBVENCÍONS	23.429,85
ACCIÓN SOCIAL: SUBVENCIÓN REDE AXUDA	1.000,00
GASTOS TRAMITACIÓN SUBVENCÍONS (INCENDIOS 2011)	376,59

Os ingresos polo Seguro de Responsabilidade Civil e os debidos á tramitación de axudas cubren exactamente os gastos habidos por estes conceptos mais existe un desfase no cálculo da cota da mancomunidade para a súa xestión que non cubre os gastos do ano. Aínda que os ingresos por cotas que figuran na táboa anterior sexan de 1349,56 € non se corresponde co importe das cotas do ano senón coas efectivamente cobradas. O importe cobrado inclúe cotas pendentes doutros anos e a día de hoxe hai comunidades que non pagaron a cota do 2013. O importe previsto de ingresos por cota para a xestión da Mancomunidade no orzamento aprobado é de 1.370,00 €.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra
Tfno presidente: 659 54 55 59
Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24
montespontevedra@mundo-r.com Visita tamén o perfil en Facebook!!



MANCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



ÁREA FORESTAL:

- XESTIÓN DE AXUDAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

No ano 2013 invitouse ás comunidades de montes da Mancomunidad a participar nunha solicitude conxunta de axuda para prevención de incendios forestais. Sen embargo, a limitación que establece á orde en canto a superficie máxima a solicitar dende a Mancomunidad quedábase pequena para as necesidades das comunidades de Montes polo que houbo que optar por tramitar diferentes expedientes de agrupacións de comunidades.

A vista da experiencia decidiuse enviar un escrito á Dirección Xeral de Montes para que modifiquen o límite máximo de superficie que pode solicitar unha mancomunidad.

- Proxecto de Posta en valor dos montes rururbanos de Pontevedra

Presentouse á convocatoria de axudas do programa Leader do GDR Comarca de Pontevedra – O Morrazo o proxecto de posta en marcha dunha entidade de custodia do territorio pola Mancomunidad de Montes de Pontevedra como xeito de levar adiante un proxecto dinamizador para o medio rural do Concello de Pontevedra. O Proxecto xa conta co visto e prace do Grupo e está pendente da súa aprobación por parte de AGADER.

Entre as actuacións que se inclúen no proxecto está a eliminación de especies invasoras en diferentes parcelas dos montes veciñais así como a creación dunha páxina web da mancomunidad.

Área de comunicación

Durante o ano 2013 mantívose o perfil de facebook que se mudou dun perfil persoal a unha páxina de entidade. O seu enderezo pode atoparse facilmente coa ferramenta de búsqueda do programa pondo “Mancomunidad de Montes de Pontevedra”. Compre darlle a “Me gusta” e premer en recibir notificacións para estar ao tanto das actividades e novas que se publicitan.

Ademais editouse un boletín que recolle a información cara a Asemblea ordinaria.

Coa colaboración do Concello de Pontevedra estase a editar un folleto informativo sobre o proxecto de ordenación dos montes de Pontevedra mais a súa edición está neste intre en mans do Concello que dispón xa dos contidos e imaxes para lanzala.

Con motivo do desenvolvemento do proxecto máis importante levado a cabo durante o ano que foi a redacción do proxecto de ordenación dos Montes de Pontevedra organizouse unha reunión informativa de presentación do proxecto que tivo lugar en Marcón o día 3 de decembro.

Área de participación social e educación ambiental.

Convenio co IES Valle Inclán.

Asinouse un convenio co IES Valle Inclán para que os seus alumnos participen en actividades educativas nos montes de Pontevedra. Logo da sinatura do convenio mantivéronse contactos co profesor delegado Benito Andrade para a procura de lugares nos que actuar. Para o vindeiro curso están interesados en dispor dun sitio no que seguira a evolución ecolóxica logo dun lume. Algunha comunidade nos propón unha parcela de estudo?

Doazón á Rede Axuda.

A Mancomunidad de Montes, previa consulta a todos os seus membros acordou doar 1.000 € á Rede Axuda nun dos peores intreos da crise económica e no intre no Nadal.

3. ACTUACIÓNS PARA O ANO 2014

- CONVENIO CO CONCELLO DE PONTEVEDRA.
- PLAN DE APROVEITAMENTO DE BIOMASA DOS MONTES DE PONTEVEDRA
- CERTIFICACIÓN FORESTAL.

Estase a traballar na procura de orzamentos para a certificación forestal FSC dos aproveitamentos dos montes da Mancomunidade.

- Participación no Consello de Patrimonio e no Consello económico e social municipais.
- FOLLETO DE DIFUSIÓN DO PORF.
- OFERTA DE XESTIÓN ECONÓMICA DAS COMUNIDADES.

Pediuse orzamento a xestorías para o asesoramento fiscal e contable das comunidades que se achega nunha táboa comparativa co que as comunidades están pagando actualmente.

- REVISIÓN DAS ACHEGAS DE CADA C. MM. AO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

Da revisión das contas, obsérvase que as superficies con que conta cada comunidade de montes non están actualizadas nin en función dos novos deslindes e clasificacións nin tampouco comparando coas superficies de ordenación. Farase unha consulta á empresa que xestiona o seguro para ver cal das superficies debe figurar na póliza e no cálculo da cota e calcularase a cota para cada comunidade, actualizando a súa achega. Tamén debe revisarse a contratación do seguro complementario polo risco da caza.

4. NOVAS DAS COMUNIDADES DE MONTES

- 🌳 A Comunidade de Montes do Salgueiral está organizando unha visita guiada ao Sendeiro do Barragáns que discorre entre Fornelos de Montes e Pazos de Borbén. Trátase dun proxecto desenvolvido en conxunto por varias Comunidades de Montes e ademais de darnos un paseo polo sendeiro do río, imos coñecer como desenvolveron este proxecto conxunto. Interesados poñerse en contacto con Jose Bravo, presidente da Comunidade de Montes do Salgueiral: bravo@mundo-r.com.
- 🌳 A Comunidade de Montes de Santa María de Xeve, recibiu unha axuda do programa LEADER para executar un proxecto de restauración forestal e uso social na parcela do monte Río Lobada e Fens.

5. AVISOS

- 🌳 Moitas comunidades estades en prazo de realizar o último mantemento dos proxectos acollidos ao programa de subvencións MONTE VIVO do Concello de Pontevedra. OLLO AOS PRAZOS.
- 🌳 A finais de mes remata o prazo para entregar na Xunta de Galicia a comunicación de reinvestmentos feitos no monte durante o ano 2013. Se necesitedes axuda para cubri-lo e entregalo non dubidedes en contactar con nós e se volo fai a xestoría non está de máis que nolo acheguedes para revisalo.
- 🌳 Aviso para as Comunidades que teñades solicitudes de axuda de forestación coa Xunta de Galicia que contén con prima de mantemento (dende o ano 2007 ata hoxe). O prazo para as solicitudes da prima remata o 29 de este mes.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra
Tfno presidente: 659 54 55 59
Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24
montespontevedra@mundo-r.com Visita tamén o perfil en Facebook!!